

## CARTA GRETE FISCHER

28 de xullo de 1918.

Querido Bastian:

Cada día atopámonos máis ansiadas por ver a noso pai e a ti voltar a casa. Pero sen dúbida algunha, confiamos en vos e sabemos que sodes fortes. Sabemos que non é fácil, pero que conseguiredes a vitoria ante os franceses que están a arrebatarnos o noso.

Cada día acordámonos de vos, bótase en falta alguén que protexa a nosa casa e alguén que nos coide a nos. Boto de menos cando brincábamos os dous xuntos e cando me contábas esas historias aventureiras.

A pesar de sentirnos apenadas por tervos tan lonxe, estamos ben. Pasámos o día traballando. Eu estou a facer uniformes na fábrica téxtil, así que pensa que se cadra o que levas agora mesmo posto, pasou polas miñas mans. É a única forma que temos de sentirnos cerca un do outro, xunto con esta carta. O traballo na fábrica non me gusta, é aburrido xa que fago o mesmo durante horas e horas. Todos os días hai un neno novo xunto a min, pois sempre saen feridos e iso faime pasar moito medo. Ademáis, sempre hai un home que nos trata mal, téñolle moito medo xa que sempre está berrando e humillándonos.

O que conseguimos para comer é moi pouco, pero a nosa nai di que iso é mellor que nada.

A pesar de todo iso, estamos ben. A túa esposa cóidase moito e teño moitas gañas de ver ao meu sobriño posto que de seguro será fermoso. Confío en que o verás ao nacer e poderás collelo en brazos como me colliches a min e as nosas irmáns. A pesar de iso prométoche que cuidarei de todas elas.

Andamos un pouco preocupadas, posto que noso pai tampouco nos contestou a última carta, pero ao igual que ti, sabemos que é un home forte.

Ainda así, teño medo. Medo de que non voltédes e as ceas nas que todos compartíamos o noso día se rematen. Medo de non voltar a escoitar as vosas voces e medo de quedar soa. Cada día vólvese máis difícil. Non sabemos cando rematará o enfrontamento pero queremos que o final disto chegue. Tampouco sabemos se esta será a última carta que recibas posto que tememos pola tua vida. Antes de que todo isto comenzase, a situación non era fácil, pero agora que vos non estades con nos, é aínda mais difícil.

Todas as noites rezo a Deus como ti me ensinache, pidolle que regresedes sans e salvos. Cando esta loita remate, esperámos verte e darche unha aperta moi grande.

Quérote,  
Grete Fischer.